

Para Jon e Amy.
Leire Martín

Ás nosas tres "A",
oxalá poidamos
deixarlles un mundo mellor.
Los Rodríguez

NON SOMOS LIXO

LOS RODRÍGUEZ

LEIRE MARTÍN

Non somos lixo
Título orixinal: No somos basura
Colección Miau

Primeira edición: maio, 2026

© Ediciones Jaguar, 2026
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Eva Rodríguez y Javier Rodríguez, 2021
© Ilustracións: Leire Martín, 2021

 edicionesjaguar  edicionesJaguar
 ediciones_jaguar  Ed_Jaguar

THEMA: YBC
ISBN: 978-84-10208-23-0
Depósito legal: M-7144-2026
Impreso en España.

RESERVADOS TODOS OS DEREITOS
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só poderá realizarse coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei.
Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



miau



Había unha vez unha botella que soñaba con ser outra cousa. Pasábase as horas agardando que algo emocionante lle pasase...

qué nervios!

Dende o seu estante do supermercado vía pasar inmensos carros cheos de produtos.

Botella imaxinaba que unha vida chea de aventuras lle agardaba, máis alá da porta que se abría e pechaba sen parar. Unha vida mellor, claro que si!



Praia?

Montaña?

Cruceiros por alta mar?

Competicións deportivas?



Dobre viravolta con
pirueta cruzada e...

hop!



Ata que un
día sucedeu.



Dun chimpo xa estaba
dentro do carro.

Alí atopouse con outros compañeiros

Pero ao contrario que Botella, semellaban
tristes, anoxados ou, aínda peor, resignados.




Unha caixa de cereais ofendida ao ver
a súa cara sorrinte preguntoulle:
—E a ti que che pasa? Por que estás tan
contenta? Acaso non sabes onde imos?

SUPER



O comentario deixou a Botella chea de dúbidas... pero estar metida nesa bolsa de tea, rodeada de compañeiros de todos os andeis, parecíalle un soño.


E así ía saudando a uns e a outros, aínda que sen moito éxito, a verdade.



—Ola, que tal? Chámome Botella. Que bonito día!

—Ola, que tal? Son Botella. Non é xenial que esteamos aquí xuntos?

Non esperaba un recibimento tan frío na súa nova casa. Cambiar a balda do supermercado pola dun frigorífico, parecíalle un chiste malo.



Aínda que non ía renderse, nin a permitir que iso lle fixera deixar de soñar coas aventuras que lle agardaban.



—Ola, que tal? O meu nome é Botella. Semella que está refrescando...



—Ola, que tal? Son Botella. Que ben lle queda o seu novo peiteado!